



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernández

Concelleiros/as:

PP:

Emilio Mahía Neira
Martín Gómez Vazquez
Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Álvaro X.García Freire
Javier Suarez Sanchez
Hortensia Vázquez Gómez

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES DIA 8 DE MAIO DE 2025.

- Na casa do concello de Vilasantar, sendo as
21:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.
Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no marxe
se indican co obxecto de celebrar sesión ordinaria
do Pleno da corporación. A Continuación pasouse o
estudo da orde do día, adoptándose sobre os
asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na
Orde do Día :

- Primeiro. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- Segundo. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.
- Terceiro. MOCIÓNS.
- Cuarto. ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobación acta da sesión anterior celebrada con data 13/03/2025, aprobándose a
mesma por unanimidade.

SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Van dende o 13/03/2025 ao 05/05/2025 enviados en tempo a tódolos concelleiros/as.

TERCEIRO.- MOCIÓNS.

Non hai mocións no presente pleno.

CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTA 1. A normativa indica que no caso de liquidación do orzamento cun remanente de tesourería negativo no primeiro pleno que se celebre deberase a proceder a redución dos gastos no novo orzamento nun importe igual ao déficit producido. Cal é o motivo de non presentar este documento e que medidas se pensan adoptar para realizar o axuste que é urxente e obrigatorio legalmente realizar?

PREGUNTA 2. O concello dirixiuse a algunha administración, Xunta, Deputación, para que nos asesoren para reverter a nosa situación económica?

PREGUNTA 3. Estamos a mediados do ano 2025 e seguimos cuns orzamentos prorrogados do ano 2022 totalmente desfasados. Cando se ten previsto aprobar o orzamento deste ano?

Indica o Sr. Alcalde que se van a responder as tres primeiras preguntas presentadas porque se atopan relacionadas entre elas e responde que o motivo de non presentar o documento a día de hoxe e de non aprobar o orzamento a día de hoxe ven dado porque a dende a presentación da liquidación de 2024 estamos obrigados a aprobación dun plan económico-financeiro por non cumprir as regras fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. É certo que o orzamento podería aprobarse no ano 2023 e no ano 2024 e non se aprobou, non temos nada que dicir.

Para elaborar dito Plan contamos co asesoramento da Deputación da Coruña, de asistencia a municipios, máis a secretaría técnica de Facenda, xa reunido con eles e estamos pendentes dunha reunión con eles a semana que ven que é esta secretaría técnica os que ao final o van a informar. A noso previsión é que antes do 10 de xuño ten que estar o plan aprobado e facéndose. Teríamos que aprobalo antes do 10 de xuño levalo á Comisión de Contas e traelo ao Pleno. E indica que na Deputación a persoal coa que se está en contacto é con Marcial e o resto de áreas que nos están axudando.

PREGUNTA 4. Tense previsto a convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro neste ano 2025 para entidades sen ánimo de lucro? Vanse facer convenios nominativos coa equipa de fútbol e coa ANPA do colexio?

Xa foi respondida o 9 de xaneiro e serán segundo as posibilidades que teñamos. Os convenios como dixemos fanse de xeito extraordinario e dende fai 4 anos independentemente

da colaboración do Concello das actividades coa ANPA e o co clube de fútbol asumindo a limpeza dos vestiarios, o corte da herba, o mantemento do campo, custo de electricidade e independente das melloras que se van facendo. O que quero preguntar á Secretaria é se son legais estes convenios que estamos a facer coas asociacións ao que a Secretaria responde que as subvencións nominativas cun orzamento prorrogado non se poden outorgar hay que ter un orzamento en curso.

Indica o voceiro do BNG que se no novo orzamento vansen reflectir ao que o Sr. Alcalde responde que imos que levar un plan económico-financeiro e imos ter que limitar certos gastos e ao mellor temos que limitar gastos que non son tan importantes para o funcionamento do Concello e outros terán que esperar. Prodúcese un pequeno debate sobre o que se realiza neste concello e o se realiza no concello de Vilasantar.

Indica o Sr. García que temos que ofrecer as mesmas axudas que noutros concellos, é diferente cando hai equipo de fútbol que cando non hai ao que o Sr. Alcalde responde que hai en concellos que os equipos de fútbol non teñen axudas e responde o Sr. García que noutros concellos si que teñen subvencións. Comenza un pequeno debate sobre as axudas que existen noutros concellos e subvencións que se dan nos mesmos. Finaliza indicando o Sr. Alcalde que o concello de Vilasantar tivo esas axudas e que agora mesmo non as ten ao que o Sr. García pregunta cal é o motivo indicando este mesmo que entende que se debe a unha mala xestión e que isto ocasiona problemas.

PREGUNTA 5. Vemos o anuncio de que o concello ten previsto celebrar a festa dos maiores. Cando se preguntou polo tema no anterior pleno a alcaldía respondeu que estaba buscando financiamento para celebrala. Temos algún tipo de axuda para a festa ou vaise facer con orzamento municipal?

Responde o Sr. Alcalde que como xa comentamos dentro das posibilidades debemos realizala con financiamento externo ao concello e faise mediante a axuda da Consellería de Política Social ao igual que precisamos arranxar a fachada do Concello e non tiñamos cartos e tamén buscamos financiamento ao 100%. Pregunta o Sr. García cal é o importe da subvención ao que o Sr. Alcalde responde que agora mesmo non se lembra pero que si que sabe que asumen o orzamento de 250 comidas a 37-38 euros, asumen o custe dun dúo de música e o de un agasallo para os asistentes. A comida é o 21 de xuño e aproveita o para indicar que está invitada a corporación ao completo.

PREGUNTA 6. Seguimos vendo que enviamos ao xulgado documentación sobre o contencioso administrativo interposto por COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER S.A. En que situación se atopa a reclamación da empresa?

Responde o Sr. Alcalde que estamos emprazados para contestar a demanda e xa están persoados no procedemento os avogados e enviouse agora documentación que vai ter que cambiarse porque algunhas das facturas xa foron aboadas e o importe aínda que sexa alto non vai ser o mesmo.

Indica o Sr. García que ao final son facturas que temos que pagar ao que responde o Sr. Alcalde que si e indica o Sr. García que temos que ir a xuízo para pagalas? Responde o Sr. Alcalde que estamos pagando algunhas e ímolas pagando pouco a pouco pero non podemos pagalas todas xuntas senón non teríamos para pagar outras cousas. Indica o Sr. García que o feito de nomear avogado supón un gasto para o concello e que temos que pagar. Responde o Sr. Alcalde que aínda non sabemos cando non van a ingresar o gasto corrente pero que ese gasto corrente é para gastos obrigatorios do ano 2025 e estas en concreto non sei se son do ano 2025 ou non ao que responde a petición do Alcalde a Secretaria indicando que son de 2024.

PREGUNTA 7. Nun pleno anterior informáronos que o saneamento da zona de Sesmonde e do Conchovello tiña o compromiso da administración para financialo pero que estaba pendente dunha autorización do alcalde de Curtis. Como está neste momento este expediente?

Responde o Sr. Alcalde que temos un proxecto elaborado para a zona de Sesmonde e do Concho vello e temos as autorizacións e cando nós remitimos a documentación dicindo onde ía ser a nosa vertedura solicitáronnos que tiñamos que pedir autorización ao concello de Curtis, non contabamos con iso porque o saneamento que existe nesa mesma estrada que é da Deputación vertemos alí e nunca nos pediron autorización. Independentemente diso cando remito un escrito de solicitude de autorización para realizar o vertido e xa é a terceira e hoxe a cuarta vez que me di que agora mesmo están elaborando unha ordenanza de saneamento e que esperan tela o máis axiña posible pero que mentres esa ordenanza de saneamento non estea en vixencia non pode dala autorización. Nun principio o concello de Curtis non nos da autorización para verter alí, cando no seu día si que a tiñamos.

PREGUNTA 8. Levamos denunciando en moitos plenos a situación das pistas do concello que presentan numerosas deficiencias. Hoxe traemos a pista que vai de Follente ao Castro e Pedrouzos que está nun estado intransitable. Que medidas se pensan tomar' e cando de vai amañar?

Responde o Sr. Alcalde que considera que non son tódalas pistas as que estean en mal estado, hai algunhas que si pero non todas. A que fala en concreto, non cara o Castro que está mellor, non está ben a pista e é unha das pistas que nos quedan para poder meter en próximas axudas pero si podemos este ano como é un servizo obrigatorio por parte do concello e non é

un importe moi elevado e co gasto corrente temos que intentar destinar unha pequena parte ao mesmo e é un servizo obrigatorio.

PREGUNTA 9. No último pleno faciamos referencia a devolución de avais a Greenalia Forest SL e a empresa Explotaciones Forestales Souto Carrillo SL. E falabamos da pista da parcelaria da zona de Días. Amañáronse estas pistas?

Responde o Sr. Alcalde que fai uns meses foron os peóns do concello e algúns día adícanse a tapar baches e eses agora mesmo están tapados e quédannos agora mesmo por amañar a que está saíndo aquí da piscina a man esquerda e tamén vindo do campo de Cruz cada Dias, despois da fonte. Hoxe aínda falei cos de Greenalia que foron os que se comprometeron a amañala e foron o último que pasaron e o encargado que se reuniu comigo está de vacacións e o luns chamárame de novo pero eu xa din aviso dende fai un mes e medio.

PREGUNTA 10. Nun pleno tras outro volvemos a traer as obras “Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño de acceso a Tamou desde A Fraga” e a “Rehabilitación superficial firme de calzada existente no Camiño dende o Vao a Días” contestáronnos que se realizarían no mes de marzo. En cada pleno vemos como a data de execución se vai adiando poñendo sempre como nova data un mes despois do pleno. Cando se van a tomar medidas polo incumprimento do contrato?

Responde o Sr. Alcalde que chegamos a un acordo hoxe co empresario que se non comezaba o arranxo das pistas no mes de maio comprométese a renunciar por escrito o que é importante e pasaríamos a segunda empresa, pero insiste en que en maio comece. Pregunta o Sr. García se ten algo que ver con que non se lle paguen as facturas do ano pasado. Responde o Sr. Alcalde que agora mesmo ese empresario só ten catro traballadores de nove que ten.

PREGUNTA 11. Despois da reunión de Présaras que contou coa presenza de Xavier Simón, en que situación se atopa a creación da comunidade enerxética de Vilasantar?

Responde o Sr. Alcalde que a comunidade enerxética xa está creada que conta con estatutos, acta fundacional e está inscrita como tal, daquela cando se creou se analizaron as posibles localizacións para a instalación fotovoltaicas e acordouse que o mellor sitio para a primeira podería ser a parroquia de Présaras. A partir de aí fíxose unha primeira reunión convocando a veciños e negocios e explicouse o que era a comunidade e a instalación nesa parroquia. O que hai que facer agora é esa primeira instalación e solicitamos os CUPS das súas facturas que serían os posibles vinculados a esta instalación e na última reunión de finais de abril presentamos o estudo da instalación e procede a explicar como se realizou e en base a que se realizou o mesmo. É un estudo completo de construción e tramitacións da instalación solar da mesma. Indica que o aforro do 65% de aforro mínimo que sería unha amortización en

3 anos e unha oferta sen subvención de 90.124 euros, dos case corenta da primeira reunión apareceron 15 na segunda en dous ou tres xa manifestan a súa intención de participar. Procede o Sr. Alcalde a explicación da realización do estudo e os diferentes datos que se tiveron en consideración para a elaboración de todo este así como o xeito no que se realiza o reparto da enerxía e o aforro que suporía para cada un e indica a través da táboa mostrada no pleno das diferentes casuísticas e indica as axudas que se poden solicitar pero é preciso que a xente queira participar.

Agora mesmo quedamos en trasladarlle ás 15 persoas que estiveron na reunión o que aforrarían máis o que teñen que achegar sen subvención e entón a xente ten que confirmar porque realmente o estudo está baseado en trinta e pico e que se queda en 15 non é o mesmo estudo e a repartición sería doutro xeito e a amortización sería máis curta, e á xunte cústalle. Pregunta o Sr. García se se ten claro o radio de 2 km ao que o Sr. Alcalde responde que si, indicando ata onde chegaría. Indica que a ley establece que son 2 km e prodúcese un debate entre diferentes concelleiros sobre o alcance da mesma así como os consumos das diferentes casuísticas e o aforro que suporía.

Levantase a sesión , sendo as 21:35 horas do que eu secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE